



Segundo Ciclo Primaria
Día das Letras galegas 2013

Grupo de Trabajo

«Vidal Bolaño na rede.»

Actividades con tics para infantil e primaria»

Andrés Losada, Rosa María
Barca Gómez, Marta
Gallego Revaldería, Xulio
Guimarey Cedeira, Vanessa
Hortas González, Isabel
Magalhaes Alonso, Laura
Pedrosa Moreno, Julio
Pena Sánchez, Iván
Suárez Hermida, Mario Ramón
Vidal Bariego, Laura

Grupo de Trabajo

«Lingua e teatro.»

Vidal Bolaño no Día das Letras Galegas»

Aguilar Amigo, María Luísa
Barca Gómez, María
Félix Cedeira, María del Carmen
Guimarey Cedeira, Eva Raquel
Herrero Mayor, Armando Xosé
Picado Rodríguez, José Antonio
Romero Olveira, María Fátima
Santiso Andrade, Paz
Souto Pereira, María Jesús
Vidal Dopazo, María José

Asesoría pedagógica CEFOR A Coruña

Miguélez Pose, Isabel María
Sobrino Josenje, Santiago

Maquetación e deseño gráfico

Manolo Paz (www.edugaliza.org)


Colexios participantes

CEIP «W. Fernández Flórez», de Cambre
CEIP «Portofaro», de Cambre
CRA de Culleredo
CEIP «Torrente Ballester», de Sigrás-Cambre
CEIP «Montel Touzet», da Coruña
CEIP «Sal Lence», da Coruña
CEIP «Eusebio da Guarda», da Coruña
CEIP «Manuel Murguía», da Coruña
CEIP «Praia de Quenxe», de Corcubión
CEIP «Milladoiro», de Malpica de Bergantiños
CEIP «San Xosé Obreiro» de Meicende-Arteixo
CEIP de Portosín-Porto do Son
CEIP «Galán», de Oseiro-Arteixo

Á Real Academia Galega, á Universidade de Vigo, á Asociación Roberto Vidal Bolaño, a María Fernández, a Paco Guitián, a Carlos Gallego, a María Bao Fente e a todos aqueles que contribúen, anonimamente e desinteresadamente, á publicación destas actividades. Grazas pola vosa colaboración e xenerosidade.



Edita Seminario Permanente de Formación do
Profesorado do CEIP Galán de Oseiro-Arteixo (A Coruña)
<http://www.seminariogalan.org>





ROBERTO VIDAL BOLAÑO

Roberto Ignacio Vidal Bolaño naceu o 31 de xullo de 1950, en Santiago de Compostela. Os seus pais, Roberto e Carmen, aínda tiveron outra filla oito anos despois, María del Carmen.

Os seus primeiros anos de vida pasan no barrio de Vista Alegre, nas aforas de Santiago, facendo os estudos de primaria e bacharelato en varios colexios desta cidade. Púxose a traballar dende moi novo. Con doce anos estaba a repartir, indo en bicicleta, recambios de coche e máis adiante empregouse nunha axencia de viaxes, nun almacén de «coloniais» e nunha entidade bancaria.



Con vinte e sete anos decide adicarse ao teatro profesional, creando a súa propia compañía, Antroido, e escribindo e dirixindo as súas propias obras.

Gañou numerosos premios teatrais: o Abrente, o Premio Cunqueiro, o Rafael Dieste, o do Eixo Atlántico... sempre con obras escritas en idioma galego.

Tamén traballou Roberto no cine e na televisión, como actor, director, xefe de produción... e actor de dobraxe en máis de cincuenta películas.

A súa primeira obra de teatro «O xogadeiro», escrita con só quince anos, duraba só dous minutos, só foi representada unha vez e rematou co afundimento do escenario. A esta seguíronlle máis de trinta obras, algunhas dirixidas ao público infantil.

Roberto foi o creador do teatro profesional galego, con el defendeu o noso idioma e a nosa cultura; por iso a Real Academia Galega adícalle o Día das Letras de 2013.






O ENCRUCILLADO DE RVB

1

Despois de ler a biografía de Roberto Vidal, completa o encrucillado.



1.- VIDAL 2.- SANTIAGO 3.- DOUS 4.- IGNACIO 5.- VISTA ALEGRE 6.- ROBERTO 7.- XULLO
 8.- GALEGO 9.- CARMEN 10.- BOLAÑO 11.- ANTROIDO

HORIZONTAIS

- 1.- Primeiro apelido de Roberto.
- 2.- Cidade galega na que naceu Roberto Vidal Bolaño.
- 3.- Minutos que duraba a súa obra teatral «O xogadeiro».
- 4.- Segundo nome de Roberto.
- 5.- Barrio compostelán no que viviu durante a súa infancia Vidal Bolaño.
- 6.- Primeiro nome de Vidal Bolaño.
- 7.- Mes do ano 1950 no que naceu Roberto.
- 8.- Idioma no que escribiu as súas obras teatrais.
- 9.- Nome da nai de Roberto.
- 10.- Segundo apelido de Roberto Vidal.
- 11.- Nome do primeiro grupo teatral profesional fundado por Roberto.



Recorta e ordena cronoloxicamente cada un destes feitos da vida de Roberto Vidal.

UN

VIVE NO BARRIO DE VISTA ALEGRE, EN COMPOSTELA

DOUS

ADÍCASELLE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 2013

TRES

CREA O GRUPO TEATRAL ANTROIDO

CATRO

NACE A SÚA IRMÁ CARMEN

CINCO

NACE O 31 DE XULLO DE 1950, EN SANTIAGO

SEIS

ADÍCASE AO TEATRO PROFESIONAL GALEGO

SETE

ESCRIBE «O XOGADEIRO»




QUE SABES DE RVB

3

1.- A quen está adicado o Día das Letras Galegas de 2013?

2.- Roberto traballou nun almacén de «coloniais», unha tenda na que se vendían produtos de alimentación.

Arrodea no recadro as cousas que poderíamos atopar nunha tenda deste tipo e risca as que non.



Ordena cronoloxicamente

4

VIVE NO BARRIO DE VISTA ALEGRE

TRABALLA NUN ALMACÉN DE «COLONIAIS»

ADÍCASELLE O DÍA DAS LETRAS, 2013

ESTREA A OBRA «O XOGADEIRO»

CREA A COMPAÑÍA DE TEATRO ANTROIDO

1

NACEU O 31 DE XULLO DE 1950

Xáxara, Peituda...

XÁXARA, PEITUDA, PANIOGAS, TARELO, O RAPAZ E O CACHAMÓN
de ROBERTO VIDAL BOLAÑO

TODOS: Non hai raio que te entenda.

XAXARA: Esta terra é terra boa e como tal ten moitas cousas de seu. Como a fala, por exemplo. Se nos quitan esa fala, fan que o noso sexa seu. E si por riba rematan cos costumes, coas cantigas, cos bailes e coa música que a xente e a terra nos deu, xa non seremos ninguén e todo o noso poderá ser dos xigantóns coma el.

TODOS: E que temos que facer?

XÁXARA: Xustamente aquilo que non quere el! Escoitade raparigos, escoitade o que vos digo. Se se lle toca no ouvido revírase de tal xeito a cachola que nin sequera pode ollar de esguello. E cando lle soa moi preto unha gaita, non pode terse de pé e brinca e reviravolta a eito coma se o levara o máis fero dos ventos. E se por riba aínda, se lle fala en galego, engrúñase coma un vermiño, perde os folgos polo cú, escomeza a tremar co medo, échenselle as latas de buracos e remata trocándose de súpeto nun pequecho e porcallento rato.



Que sabes do texto?

5

1.- Que tipo de texto é o que acabas de ler? Marca.

FÁBULA

POESÍA

TEATRO

2.- De que terra falan?

3.- Nomea as partes do corpo que se citan no texto.

4.- O xigante trema de medo se se lle fala en galego. Que che fai a ti tremer de medo?

Comprensión do texto

6

Inventa preguntas, relacionadas co texto, para estas respostas.

1.-

-Todos, Xáxara.

2.-

-Teatro.

3.-

-Engrúñese coma un vermiño.

4.-

Nun pequecho e porcallento rato.

Que rebumbio!

7

Nunha terra que é boa pódense sementar moitas verduras, hortalizas e froitos. A ver se atopas neste rebumbio o nome dos vexetais que aparecen no cadro da esquerda.

FABAS
MILLO
PATACAS
AMORODOS
AMÉNDOSAS
LENTELLAS
AVEA
TRIGO
UVAS
ALLOS



P	A	T	A	C	A	S	Q	A
U	V	A	S	E	L	R	T	M
U	E	I	O	P	L	M	B	E
F	A	B	A	S	O	I	L	N
A	S	D	F	G	S	L	H	D
Z	T	R	I	G	O	L	X	O
A	M	O	R	O	D	O	S	A
L	E	N	T	E	L	L	A	S

Xáxara, Peituda...

8

XÁXARA, PEITUDA, PANIOGAS, TARELO, O RAPAZ E O CACHAMÓN
de ROBERTO VIDAL BOLAÑO

PANIOGAS: E fixémoslo falándolle na lingua que a terra nos deu!

PEITUDA: Aquela na que falan as xentes de sinxela condición!

TARELO: Tocando a nosa gaitiña!

CACHAMON: O noso pandeiro!

RAPAZ: Ceibando ao aire o noso son!

XAXARA: Falando, tocando e bailando á nosa maneira. Sendo coma de seu somos nós!

TODOS: Sendo coma de seu somos nós!

CACHAMON: Celebremos con gran festa o terlle revirado a testa a este xigante lambón!

PEITUDA: Haxa foliada, pandeirada, muiñeira e folión!

TARELO: Vide e bailade connosco!

PANIOGAS: Haxa ledicia e fartura!

RAPAZ: Haxa gran festa rachada que esta é a meirande xornada que demos en vivir nunca!



AO MENCER COS SONS DAS GAITAS, DAS PANDEIRETAS, DO TAMBORIL E DO PANDEIRO, MESTURÁNDOSE COAS COPLAS DO CEGO E COS BERROS DE LEDICIA DE CANTOS TOMAN PARTE NO FESTEXO. COLLIDOS TODOS DAS MANS, BAILAN E BRINCAN EN RODA, POLO CHAN, POLOS ESTRADOS, POLAS PAREDES E POLO TEITO.

Unha por unha

9

Localiza no texto e copia tres exclamacións; logo conta o número de palabras que contén cada unha.

EXCLAMACIÓN	NÚMERO DE PALABRAS
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Liches con atención?

10

1.- A que lingua se refiren os personaxes?

2.- Que instrumentos tocan?

3.- Que lle fixeron ao xigante?

4.- Como vai ser a festa?


5.- Cando rematará o festexo?

6.- Cal é o título da obra e o nome do autor?

Coa música a outra parte

11

Arrodea os instrumentos musicais que se nomean no texto.




As partes do traxe

12

O traxe tradicional galego ten moitas partes, pero só tes que colocar estas seis que aparecen no recadro.

CAMISA MURADANA ZOCOS SAIA MANTELO PANO




A sopa de letras

13

Localiza na sopa de letras o nome de NOVE instrumentos musicais tradicionais galegos.

GAITA ZANFONA PITO PANDEIRO TAMBORIL CUNCHAS TARRAÑOLAS
CHARRASCO REQUINTA



Seguindo a clave co nome de Roberto Vidal, averigua a definición de cada palabra.

R	O	B	E	R	T	O
1	2	3	4	5	6	7

I	G	N	A	C	I	O
8	9	10	11	12	13	14

V	I	D	A	L
15	16	17	18	19

B	O	L	A	Ñ	O
20	21	22	23	24	25

Tipo de calzado

▶

—	—	—	—
20	25	6	11

Casa dos paxaros

▶

—	—	—	—
10	16	24	2

Non é barato

▶

—	—	—	—
12	18	1	21

Macho da galiña

▶

—	—	—	—
9	23	19	7

Para ler

▶

—	—	—	—	—
22	8	3	5	14

Planta da uva

▶

—	—	—	—
15	13	17	4




Coñecemos o teatro?

15

Escribe onde corresponda cada unha das partes do escenario.

LUCES BAMBALINAS BASTIDORES CUNCHA DE APUNTADOR
PATIO DE BUTACAS FOXO DA ORQUESTRA PALCOS PANO



A entrada

16

Para asistir a un espectáculo normalmente hai que adquirir unha entrada. Este é un modelo. Que indica cada dato?

